

# BANDO

DON FERNANDO SUÁREZ BARCIA, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO,

## FAI SABER

**SOBRE O CRIBADO PARA A PREVENCIÓN DA COVID19 QUE SE LEVARÁ A CABO ESTE LUNS 12 DE ABRIL NA PARROQUIA DE ARANTE.**

Desde o Concello de Ribadeo tivemos coñecemento dun gromo producido nas últimas horas que afecta especialmente ao núcleo de Remourelle, na parroquia de Arante. Segundo a información que puntualmente recibimos das autoridades sanitarias do Hospital da Costa e mais da Delegación de Sanidade de Lugo, estas novas incidencias rachan unha liña de moi pouca incidencia acumulada no noso Concello de Ribadeo nos últimos tempos.

Desde o Concello suxeriuse a posibilidade de facer un cribado na totalidade desta parroquia, agora que parece que o foco pode estar concentrado dentro dunha área limitada. As autoridades sanitarias accederon polo que ambas as dúas institucións estivemos a coordinar as accións para realizar **UN CRIBADO XERAL PARA TODOS OS VECIÑOS E VECIÑAS DA PARROQUIA DE ARANTE. SERÁ ESTE VINDEIRO LUNS, DÍA 12 DE ABRIL NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE RIBADEO, NA AVDA. DE LUARCA. O SERGAS COMUNICARÁ PREVIAMENTE A HORA Á QUE DEBERÁN ACUDIR.**

Para isto estamos en contacto coas Asociacións de Veciños e Veciñas desta parroquia para facilitar os datos de contacto das unidades familiares para ter todo disposto ao longo desta fin de semana e que o luns se poida realizar con éxito a proba a toda esta poboación da parroquia de Arante.

O Concello de Ribadeo fai un chamamento á participación no cribado voluntario organizado polo SERGAS para a prevención da expansión da COVID-19.

Desde o Concello de Ribadeo valoramos moi positivamente a actuación rápida e coordinada coas Autoridades Sanitarias do Hospital da Costa e da súa Delegación Provincial para actuar e tentar atallar canto antes posibles novos contaxios.

**E, unha vez mais, desde o Concello queremos reiterar o compromiso individual que cada unha das persoas de Ribadeo debemos manter coas máximas medidas de protección contra o Covid19. Vemos que facilmente se pode pasar dunha situación de tranquilidade a sanitaria a outra con novas restricións específicas para o noso termo municipal.**

O ALCALDE

Asdo.: Fernando Suárez Barcia

